

Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **6 de novembro de 2019** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

VI.- Expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Barazal de Esposende", a favor dos veciños da parroquia de Esposende, no Concello de Cenlle. Na súa representación presentouse Rebeca Sotelo Fernández.

Revisada a documentación obrante no expediente, o Xurado acordou a clasificación do monte, unha vez publicado polo Concello o edicto do inicio da clasificación como monte veciñal en man común polo período dun mes sen que se presentasen alegacións, publicado tamén o edito no DOG e recibida a certificación do Rexistro da Propiedade.

Vº. e prace
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 5 de febreiro de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Barazal de Esposende a favor dos veciños da parroquia de Esposende (Santa Mariña), no concello de Cenlle.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 6 de novembro de 2019, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Barazal de Esposende a favor dos veciños da parroquia de Esposende (Santa Mariña), no concello de Cenlle (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 18 de xullo de 2018 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural escrito de Rebeca Sotelo Fernández dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, en que solicita a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Barazal de Esposende.

Segundo. Con data do 13 de marzo de 2019 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designar instrutor e realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e abre un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentase ningunha.



Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que figura no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Barazal de Esposende.

Superficie: 4,23 ha.

Pertenza: veciños/as da parroquia de Esposende (Santa Mariña).

Concello: Cenlle.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Os terreos obxecto da solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, constituído por terreos das parcelas catastrais seguintes:

Concello	Polígono	Parcela	Observacións
Cenlle	32	184 (completa)	
		1000 (parte da parcela)	
		183 (parte da parcela)	
		181 (parte da parcela)	
		9004 (parte da parcela)	Camiño
		9002 (parte da parcela)	Camiño

a) Perímetro exterior:

Parcelas catastrais lindeiras:

Linde	Concello	Polígono	Parcelas
Norte	Cenlle	32	1000 (resto da parcela)-183 (resto da parcela)
Leste	Cenlle	32	183 (resto da parcela)-9004 (resto da parcela)
Sur	Cenlle	32	181 (resto da parcela)
Oeste	Cenlle	32	9002 (resto da parcela)- 9004 (resto da parcela)

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal



carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, e corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común acreditouse mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común; o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro; o Decreto 149/2018, de 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Barazal de Esposende a favor dos veciños da parroquia de Esposende (Santa Mariña), no concello de Cenlle (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-

CVE-DOG: 21qj5oy5-i2h7-mca1-yxe8-ym2pvgvliq9



administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 5 de febreiro de 2020

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: 2iqj5oy5-i2h7-mca1-yxe8-ym2pvgvtlq9



